

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

FORNELOS DE MONTES

Ordenanzas e Regulamentos

APROBACIÓN DEFINITIVA DA MODIFICACIÓN DAS ORDENANZAS FISCAIS DAS TAXAS POR "REDE DE SUMIDOIROS", "RECOLLIDA DE LIXO" E "SUBMINISTRO DE AUGA"

Transcorrido o prazo de exposición ó público dos acordos provisionais de modificación das Ordenanzas Fiscais das taxas que de seguido se relacionan, adoptados polo pleno desta corporación na sesión celebrada o día 26 de agosto de 2015, sen que se presentase ningunha reclamación, elévanse a definitivos ditos acordos, segundo o sinalado no artigo 17.3 da Lei do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobada por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo. Publícase a súa aprobación definitiva en cumprimento do disposto no artigo 17.4 da citada norma.

De conformidade co disposto no artigo 19.1 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobada por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, contra a aprobación definitiva da modificación das ordenanzas fiscais das taxas sinaladas, os interesados poderán interpoñer potestativamente recurso de reposición ou acudir directamente ó recurso contencioso administrativo na forma e prazo que establecen as normas reguladoras de dita xurisdicción.

TEXTOS QUE SE MODIFICAN

ORDENANZA REGULADORA DA TAXA POR ABASTECIMENTO DE AUGA A DOMICILIO

A N E X O

1º A tarifa que se aplicará para a exacción desta taxa será a seguinte:

CONCEPTOS

EUROS

A. Por cada subministración domiciliaria de auga potable, ó ano a particulares: 50,00



B. Por cada subministración domiciliar de auga potable ó ano, a comercios, bares e outros establecementos non especificados.	80,00
C. Por cada subministración domiciliar de auga potable ó ano, a industrias, naves industriais	80,00
D. Por cada subministración domiciliar de auga potable ó ano a granxas escolas . . .	200,00
E. Por dereitos de cada acometida:	350,00
F. Por instalación de cada contador:	90,00
G. Por reposición de cada contador:	70,00
H. Por cada metro lineal de mangueira, a partir de un, cando a súa instalación se solicite ó Concello:	25,00
I. Durante o período comprendido entre o 1 de xuño e o 30 de setembro, por cada 1.000 litros de exceso sobre o límite de consumo diario de 1.000 litros nos grupos A e B e de 2.000 litros nos grupos C e D	2,32

A presente modificación da Ordenanza Fiscal, entrará en vigor o día seguinte da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

ORDENANZA REGULADORA DA TAXA DE REDE DE SUMIDOIROS

ANEXO

1º A tarifa que se aplicará para a exacción desta taxa será a seguinte:

<u>CONCEPTOS</u>	<u>EUROS</u>
A.- Por cada vivenda independente conectada a rede, ó ano	50,00
B.- Cota de conexión	150,00

A presente modificación da Ordenanza Fiscal entrará en vigor o día seguinte da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.



ORDENANZA REGULADORA DA TAXA POR RECOLLIDA DE LIXO*A N E X O*

1º A tarifa que se aplicará para a exacción desta taxa será a seguinte:

<u>CONCEPTOS</u>	<u>EUROS</u>
A.- Cota anual en núcleo urbano	70,00
B.- Cota anual no resto do concello	55,00
C.- Bares, hoteis, locais comerciais, servizos, perruquerías, quioscos e similares . . .	100,00
D.- Supermercados	140,00
E.- Banco ou Caixa e Discotecas, Pubs ou similares granxas escolas e naves industriais	200,00

A presente modificación da Ordenanza Fiscal entrará en vigor o día seguinte da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

Fornelos de Montes, 12 de novembro de 2015.—O Alcalde, Emiliano Lage Rodríguez.

